

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTO DO SON

Provisión dunha praza de arquitecto/a técnico/a (OEP 2020). Aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as

ANUNCIO

Decreto: Aprobación da listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos das probas selectivas para o nomeamento en propiedade, funcionario/a de carreira, pertencente ao grupo "A", subgrupo "A2", encadrado na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, baixo a denominación "Arquitecto técnico".

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/07/2021 polo que se aprobaron as Bases que han de rexer para a provisión definitiva dunha praza de Arquitecto técnico municipal do Concello de Porto do Son, Oferta de emprego Público de 2020 (publicadas no BOP N° 139 de data 26/07/2021) funcionario/a de carreira, pertencente ao grupo "A", subgrupo "A2", encadrado na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, baixo a denominación "Arquitecto técnico".

Vistos os anuncios publicados BOP (N°139 de 26/07/2021), DOG (n° 159 de 19/08/2021), BOE (n° 211 de 03/09/2021).

Visto o disposto na base 5 que rexe o proceso selectivo:

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos.

Para o caso de non advertirse erros nin deficiencias nas instancias achegadas polos aspirantes esta listaxe terá a consideración de definitiva e será publicada a correspondente resolución.

2.- Os/As aspirantes excluídos/as provisionalmente, e os/as que non figuren na relación de admitidos/as e excluídos/as, disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación, para emendar os erros que motivaron a súa exclusión e, de non facelo, serán excluídos/as definitivamente do proceso selectivo.

En ningún caso serán obxecto de emenda ou mellora a documentación achegada para a fase de concurso.

Vistas as instancias presentadas no Rexistro Xeral do Concello para participar no proceso selectivo.

Visto o disposto no artigo 21.1 g/ da Lei 7/1985 de 2 de abril e o disposto no apartado 5ª. das bases que rexen este proceso selectivo publicadas no BOP (N°139 de 26/07/2021).

RESOLVO

Primeiro: Aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos das probas selectivas para o nomeamento en propiedade, funcionario/a de carreira, pertencente ao grupo "A", subgrupo "A2", encadrado na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, baixo a denominación "Arquitecto técnico":

Relación provisional de aspirantes admitidos/as:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO/A PROBA GALEGO
1	ABELLEIRA LENCE SUSANA MARÍA	***0755**	Si
2	ABELLEIRA SÁNCHEZ PATRICIA	***4688**	Si
3	AGRELO FAJARDO DANIEL	***8085**	Si
4	CAMINO VILARIÑO MARÍA ISABEL	***2424**	Si
5	CAMPOS RODRÍGUEZ JOSÉ CASTOR	***7826**	Si
6	DOMINGUEZ RODRÍGUEZ EMILIO JOSÉ	***3626**	Si
7	GOMÉZ CANABAL DAVID	***3639**	Si
8	GONZÁLEZ ÁLVAREZ DIEGO	***2876**	Si
9	MARTÍNEZ CASTRO XAIME	***0567**	Si
10	MORGAGE POUSO NURIA	***8362**	Si
11	PENAS LÓPEZ DANIEL	***5191**	Si
12	PEREIRAS CAMBÓN CÉSAR	***6003**	Si
13	PIÑEIRO NUNES EVA MARÍA	***6452**	Si
14	TABÓAS FERNÁNDEZ MOISÉS	***0195**	Si
15	TRIÑANES PÉREZ MARÍA	***6687**	Si
16	VILA NIETO JUAN	***8142**	Si

Relación provisional de aspirantes excluídos/as:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO/A PROBA GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	BLANCO ANSOAR FRANCISCO JAVIER	***5956**	Si	1
2	CASTIÑEIRAS LESENDE ANA	***8430**	Si	1,4
3	GOMÉZ OTERO SILVIA	***7940**	Non	2
4	GONZÁLEZ CUIÑAS EULOGIO	***6860**	Si	1
5	HERMIDA VARELA DIEGO	***3763**	Si	3
6	MEJUTO PÉREZ JUAN	***9286**	Si	1
7	PEREZ VIÑA DIVINA	***4249**	Si	1,5
8	SANLUIS MARTÍNEZ YOHAN	***4716**	Si	1

Causas de exclusión:

Cód	Causa de la exclusión
1	Non aporta Documento xustificativo de estar en posesión do carné de conducir B. (base 4.3.c)
2	Instancia de solicitude sen cubrir (base 4.1)
3	Non aporta documento de autoliquidación e xustificante bancario do seu aboamento ou de ser o caso: certificado de desemprego, emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda, no que se indique que figura como demandante de emprego, cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas de que se trate. Tal como se recolle na base 4.1 que rexe o proceso selectivo (BOP (Nº 139 de 26/07/2021): "Á solicitude de inscrición deberá acompañarse, en todo caso, copia da autoliquidación, debidamente ingresada correspondente ao dereitos de exame. A falla de pagamento da taxa en prazo, determinará a inadmisión do aspirante nas probas selectivas. No caso de que a persoa figure coma demandante de emprego cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data da convocatoria das probas selectivas, deberá acreditar a circunstancia anterior mediante presentación de certificado de desemprego emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda". (base 4.1)
4	Non presenta instancia de solicitude. (base 4.1)
5	Non acredita estar en posesión do título, ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias, de arquitecto técnico/a, grao universitario de arquitecto técnico/a ou titulación equivalente segundo a normativa estatal vixente en materia de homologación de títulos universitarios que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto técnico/a. De tratarse dunha titulación obtida no estranxeiro, deberá achegarse documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación polas autoridades españolas. (base 3.1.c)

Segundo: Os/As aspirantes excluídos/as provisionalmente, e os/as que non figuren na relación de admitidos/as e excluídos/as, disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación, para emendar os erros que motivaron a súa exclusión e, de non facelo, serán excluídos/as definitivamente do proceso selectivo.

En ningún caso serán obxecto de emenda ou mellora a documentación achegada para a fase de concurso.

Terceiro: Publicar, ao abeiro do disposto nas bases (apartado 5.4), o correspondente anuncio no BOP, na web municipal "www.portodoson.gal" (no portal de emprego) e no taboleiro de edictos do concello (Sede electrónica).

Porto do Son, 14 de xaneiro de 2022

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. José Luis Oujo Pouso

2022/173